



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 94 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación expediente de contratación de Subministración de materiais para a obra de Ampliación do abastecemento en Trasariz e Viño grande,
Expediente: 2024/C005/000003

Antecedentes:

-Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 13.06.2024 pola que se concede unha subvención ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas á entidades locais de Galicia (DOG núm. 19/24, do 27 de xaneiro), por importe de 25.194,65 euros para o proxecto denominado Ampliación do abastecemento en Trasariz e Viño grande, desglosado do seguinte xeito:

Orzamento total	Gastos de funcionamento	Investimentos
39.996,98 euros	19.212,34 euros	20.784,64 euros
Importe subvencionado		
25.194,65 euros	9.606,17 euros	15.588,48 euros

-Informe motivado do órgano de contratación da necesidade do contrato (Artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro –LCSP)

Incorporada ao expediente a documentación preceptiva, de cordo co establecido no artigo 117 e na Disposición Adicional Segunda da LCSP

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con múltiples criterios avaliábeis de forma automática.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 20.784,64 euros, o gasto que para este Concello representa a citada contratación con cargo á aplicación orzamentaria 162.60902 do orzamento municipal para o exercicio 2024

CUARTO.- Publicar anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público e no Perfil do Contratante con toda a documentación establecida no artigo 63 da LCSP

Vedra, asinado na data que figura na marxe

O Alcalde

A Secretaria accidental

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

Asdo. Mercedes Pereiras Caldelas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)